

PLAN CORRESPONSABLES MONTAÑISMO 2023

O Plan Corresponsables 2023 é un proxecto financiado pola Xunta de Galicia, en concreto, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Secretaría Xeral para o Deporte, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ademais de polo Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.

A Xunta de Galicia a través da Federación Galega de Montañismo, puxo en marcha esta iniciativa coa finalidade de impulsar a igualdade e a conciliación familiar, así como de profesionalizar o sector deportivo con emprego de calidade e de fomentar a práctica gratuíta do montañismo en toda a comunidade.

Actualmente a Federación Galega de Montañismo, a través de convenio cos diferentes clubs do montañismo galego e outras entidades está a desenvolver as actividades en diferentes puntos da xeografía galega, actividades que se poden desenvolver, neste caso, dende agosto a novembro de 2023.

Para mais información:

administracion@fedgalmon.gal



Actuación financiada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, en desenvolvemento do Plan Corresponsables.